

**¡ Vén a Sober !
¡ Goza do Amandi !**



Concello de
Interese Turístico

SOBER

Concello de Sober

Praza do Concello

27460 Sober, Lugo

Tlf: 982 460 001

www.concellodesober.com

Lugo

Sober

XXXIX FEIRA DO VIÑO DE AMANDI

SOBER

13-14 ABRIL

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO



www.concellodesober.com



galicia

XUNTA
DE GALICIA



GADIS

//ABANCA



Saúdo do Alcalde

Amigas e amigos da Ribeira Sacra, de Sober e do viño de Amandi:

Dende 1981 o Domingo de Ramos ten para min e para as veciñas e veciños de Sober, sabor a viño. Trasego de mulleres e homes na Praza do Concello de Sober na busca dun tesouro, a proba da última colleita do mellor viño do mundo, O AMANDI.

E aquí estamos un ano máis, e xa son 39, convocados para catar unha colleita que tamén desexamos sexa frutífera en amigos, afectos e recompensas ao esforzo de todo un ano.


Pero nesta fermosísima festa poderemos desfrutar tamén de música, que en Sober ten nome propio: "BANDA DE MUSICA DE SOBER", da mellor artesanía de Galicia que entre nós ten una representación sobresaínte coa OLEIRIA DE GUNDIVÓS, poderemos degustar tamén a ROSCA DE SOBER e teremos tempo de achegarnos a paisaxes increíbles e un patrimonio extraordinario que fan de Sober un referente imprescindible no conxunto da Ribeira Sacra, que agora xa oficialmente é candidata a PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

Desexo que esta Feira do Viño de Amandi e todos os Domingo de Ramos volvan a encontrarnos como somos: mulleres e homes, raíces dunha terra nobre, que nos fai grandes dende a humildade xenerosa do seu principal froito: o viño.

É dicir, a todos grazas por facer de Sober e da Ribeira Sacra un territorio vivo, entregado o traballo e a un futuro que debemos a nosas fillas e fillos. Gozade do Amandi, de Sober e da Ribeira Sacra.

Luis Fernández Guitián

Alcalde de Sober e Presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.



Concursos e exposicións

EXPOSICIÓNS

Do 13 ó 30 de Abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XXXIX FEIRA DO VIÑO DE AMANDI, e os debuxos presentados o V Certame de debuxo infantil.

Do 29 de Marzo o 30 de Abril na Oficina Municipal de Turismo estará exposta a colección de fotografías "VIÑA SACRA". Fotografías ganadoras do II Concurso fotográfico Christina Snellman da Asociación Amigos de Manuel Jorge de Chantada.

CATA DE VIÑOS

Con un xurado profesional celébrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira.

Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da añada de 2018, un premio para viños brancos da añada de 2018 e un premio para viños envellecidos en barrica.

Organiza: Vinosacra

CONCURSO DESEÑO DE CARTEIS

Presentáronse 51 orixinais chegados de diferentes puntos do estado. O xurado integrado polos profesionais Ivan Patiño, Manuel Valcarcel "Piro", Eva F. Ferreira e Toño Parga acordaron outorgar o primeiro premio o traballo presentado por RODRIGO COUCHEIRO LIMERES de Monforte de Lemos e concedéronse accésit os traballos presentados por Victor Miranda de A Coruña, Luis Enrique Nuñez de Viloiira-O Barco de Valdeorras, Carlos Gallego de Barcelona e Celso Cuñarro de A Coruña.

CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL

Ten como obxectivo elaborar unha tarxeta postal co debuxo ganador. O concurso está aberto a tódolos centros de ensino primario da comarca. A tarxeta postal prepago será remitida dende o Concello a diferentes Centros Galegos de todo o mundo entre outros lugares de interese turístico e vitivinícola.

TALLA CON MOTOSERRA

O escultor EUGENIO LINARES fará una exhibición de talla con motoserra nos xardíns da Praza do Concello durante as xornadas do 13 e 14 de Abril.

CURSO DE GALEGO E ESPAÑOL PARA EXTRANXEIROS.

Vocabulario Turístico
Dende a oficina municipal de turismo organizase un Curso de Español para estranxeiros orientado a Casas de Turismo Rural, vivendas vocacionais e apartamentos turísticos.

Celebrase durante a primeira semana de Abril.

Organiza: Oficina Municipal de Turismo

María do Ceo - Pregoeira

A día de hoxe, dicir María do Ceo é o mesmo que dicir fado. Considerada a sucesora de Amália Rodrigues non por poucos críticos, a súa é, sen embargo, unha traxectoria única na que se funde a melancolía do portugués coa dozura do galego.

A súas excepcionais dotes vocais e súa innata musicalidade fan dos concertos de María do Ceo experiencias fascinantes que somerxen a audiencia na paixón e a tenrura do fado tradicional, pero tamén na personalidade dunha artista singular.

Embaixadora da cultura galega en todo o mundo, a súa destacada carreira internacional está enraizada no fado como inspiración básica e mostra esa identidade cultural luso-galaica que María do Ceo representa, quizais, mellor que ningún.

Nada na cidade portuguesa de Porto, respirou o fado desde o berce gracias o seu pai, fadista afeccionado. Cando contaba dez anos, a súa familia trasladouse a Ourense e nesa cidade viviu dende entón. De nena escoitaba os discos de Amália Rodrigues que seus pais traían de Portugal, pero ao residir en Galicia nunca tivo contacto cos círculos de fados de Lisboa. Así desenrolou una forma de cantar diferente, na que as dúas tradicións conflúen cunha asombrosa naturalidade.



O Saviñao - Concello invitado



O concello do Saviñao está encravado na Ribeira Sacra, dentro da comarca das Terras de Lemos, situado ao sur da provincia de Lugo.

Comprende 29 parroquias, a súa capital, Escairón,

A economía do Concello é fundamentalmente agrícola, conta tamén con industrias lácteas e vinícolas.

O concello do Saviñao posúe un valioso e destacado patrimonio. Destacan os seus monumentos románicos e lugares emblemáticos como o meandro que debuxa o Miño durante o seu percorrido, denominado "O Cabo do Mundo".

No aspecto comercial destacan as feiras que se celebran mensualmente, en Escairón os días 8 e 19, en Currelos o día 26.

Rodrigo Coucheiro Limeres - Autor do Cartel

Nado en Vigo, estudou enxeñaría de camiños, canais e portos na Coruña.

No 2018 múdase a Monforte de Lemos para xestionar o seu propio negocio de hostalaría.

Compaxina o seu traballo co seu hobby, o deseño gráfico, téndose presentado a varios concursos.



Adegas Participantes

ADEGA A CARQUEIXA - A CARQUEIXA-PROENDOS
ALGUEIRA - DOADE
BARBADO - PROENDOS
CIVIDADE - OUTEIRO-BOLMENTE
CRUCEIRO - VILACHÁ-DOADE
DON BERNARDINO - CIMA DE VILA-BROSMOS
ESTRELA - VILACHÁ-DOADE
FINCA CUARTA - OUTEIRO-PROENDOS
GUÍMARO - SANMIL-BROSMOS
GULLUFRE - LOBIOS
LUCENZA - CORVELLE-PROENDOS
MALCAVADA - ROSENDE
MARCELINO I - A CARQUEIXA-PROENDOS
NAZ - NAZ DE ABAIXO-ROSENDE
PETRÓN - DOADE
PROENCIA - SANXILLAO-PROENDOS
RECTORAL DE AMANDI - AMANDI
RECTORAL DE GUNDIVÓS - A AIREXA-GUNDIVÓS
REGINA VIARUM - DOADE
TEAR - SUAREXA-FIGUEIROÁ
VAL DA LENDA - CANTON-AMANDI
VIÑA CAZOGA - O PACIO-AMANDI
VIÑA FRIEIRA - VILACHA-DOADE
VIÑA PEON - O BARRIO-FIGUEIROÁ



Mes do Amandi

Sábado 16 de Marzo:

- As 11.00 horas no MIRADOIRO DA SOUTO CHAO-DOADE.

Presentación da XXXIX FEIRA DO VIÑO DE AMANDI e do seu cartel anunciador, obra de RODRIGO COUCHEIRO LIMERES.

- Ao remate degustación de viños de AMANDI.

Sábado 23 de Marzo:

-As 20.00 horas no Centro Sociocultural, CONCERTO DO GRUPO DE SAXOFONS DO CONSERVATORIO DE OURENSE.

Ao remate brindaremos con Viño de Amandi.

Sábado 23 e Domingo 24 de Marzo:

- I Xornadas ORNITOLOXICAS. Actividades teóricas no Centro Sociocultural de Sober e prácticas no Canón do Sil.

Existe programa propio da actividade. Inscripción gratuíta en info@ribeirasacraurel.es

Organiza: GDR RIBEIRA SACRA-CAUREL.

Xoves 28 de Marzo:

-De 12.30 a 14.30 na Escola de Hostalaría de Rosende, Xornada de Maridaxe: VIÑO DE AMANDI con FABA DE LOURENZÁ I.X.P.

Colaboran: Escola de Hostalaría da Fundación Belarmino Fernández e I.X.P. Faba de Lourenzá.

Xoves 28 de Marzo:

-As 12.00 horas na Praza do Concello PRESENTACION da CARAVANA DO AMANDI. Está previsto que a citada caravana visite

na primeira semana de Abril a localidade de Escairón - O Saviñao e a cidade de Lugo.

Venres 29 de Marzo:

-As 12.30 horas na Oficina Municipal de Turismo PRESENTACION da EXPOSICION de FOTOGRAFIA "VIÑA SACRA".

Fotografías ganadoras do II Concurso fotográfico Christina Snellman.

Colabora: Amigos de Manuel Jorge de Chantada.

Venres 29 de Marzo:

-As 16.30 horas: Os participantes nas Merendas con Contos fan una visita didáctica a Viñedos de Amandi.

Organiza: Biblioteca Pública Municipal. Colabora: Viticultores do Amandi.

Venres 29 de Marzo:

-De 19.00 a 20.00 Retransmisión en directo dende o Centro Sociocultural de Sober do Programa de ONDA CERO, GENTE

VIAJERA DE GALICA presentado por SUSANA PEDREIRA.

Sábado 30 de Marzo:

-As 11.00 horas recepción na Reitoral de Gundivós a Delegación do CONCELLO DE VEDRA (A Coruña), encabezada polo seu alcalde Carlos Martínez Carrillo, que visita o noso Concello dentro das *Xornadas Técnicas de Promoción e Difusión da Cultura do Viño*, organizadas pola Asociación Cultural e de Festexos Populares "San Miguel de Sarandón".

Sábado 30 de Marzo:

-As 20.00 horas no Centro Sociocultural, CONCERTO DA BANDA NOVA DE ALARIZ.

Ao remate brindaremos con Viño de Amandi.

Mércores 3 de Abril:

-As 19.00 na Biblioteca Publica Municipal de Sober, PRESENTACIÓN do libro "O ALEN DOS BARQUEIROS" de Anxo Muíños e Humberto Loureiro, da Editorial Fanes.

Organiza: Clube de Lectura Pintor de Castinandi

Xoves 4 de Abril:

-De 10.00 a 14.00 no Centro Sociocultural de Sober, 1º CONCURSO DE SUMILIERS.

Colabora: Escola de Hostalaría da Fundación Belarmino Fernández.

Venres 5 de Abril:

-De 10.00 a 12.30 Visita didáctica para alumnos do CEIP VIRXE DO CARME ao ROMANICO DE SOBER.

Coordina: Oficina Municipal de Turismo. Colabora: CEIP Virxe do Carme.

Martes 9 de Abril:

-De 9.00 a 14.30 no Centro Sociocultural de Sober, XORNADA TECNICA: RETOS e INNOVACIONES NO MERCADO: OS VIÑOS ROSADOS EN GALICIA.

Organiza: Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia-EVEGA.

Mércores 10 de Abril:

-As 11.00 no Centro Sociocultural, PRESENTACIÓN da TARXETA POSTAL prepago co DEBUXO GANADOR do Concurso de Debuxo Infantil convocado entre escolares da comarca.

Programa de Actos

Sábado 13 de Abril

-As 11:30 horas: Disparo de bombas de palenque anuncian o inicio da XXXIX Feira do Viño de Amandi.

-As 12:00 horas: Apertura Oficial a cargo de **Adega DON BERNARDINO** en lembranza a seu fundador

BERNARDINO RODRIGUEZ.

-As 12:15 horas: Actuación dun **Grupo de Música Tradicional.**

-As 17:00 horas: **Comezo da Precata Oficial** na Sala de Catas da Oficina Municipal de Turismo.

-As 17:00 horas: Actuación dun Grupo de Musica Tradicional.

-As 18:30 horas: Concerto da **BANDA DE MÚSICA DE SOBER.**

-As 20:00 horas: Concerto de **MARIA DO CEO** no Auditorio do Centro Sociocultural de Sober.

-As 21:30 horas: Actuación da Charanga **LOUBAND** na Praza do Concello.

-As 23:00 horas: Actuación de **SR. JINGELS** na Praza do Concello.

-As 00:00 horas: Actuación de **GIN TONIC'S** na Praza do Concello.

Domingo 14 de Abril

-As 10:30 horas: Disparo de 24 bombas de palenque (1 por cada colleiteiro participante)

-As 10:45 horas: Actuación da **Charanga NBA.**

-As 11:00 horas: Pasarúas coa **BANDA DE MÚSICA DE SOBER.**

-As 11:30 horas: Comezo da **Cata Oficial** na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober.

-As 11:30 horas: **Misa Solemne coa Bendición de Ramos**, na Igrexa de Sober.

-As 12:30 horas: Recepción de Autoridades na Casa do Concello.

-As 12:45 horas: Actuación da **BANDA DE MUSICA DE SOBER.**

-As 13:00 horas: **PREGÓN** a cargo de **MARIA DO CEO.**

-As 13:30 horas: Entrega de Premios.

-As 17:00 horas: Actuación da **Charanga NBA.**

-As 19:30 horas: Baile coa orquestra **LOS SATELITES.**